

Normas de uso da biblioteca.

Préstamo.

O préstamo está aberto para todos os alumnos do centro e tamén a outros membros da comunidade educativa: profesores, persoal administrativo e de servizos, pais e nais...

Condicións do préstamo:

- LIBROS: Pódense levar ata un máximo de 3 por persoa. En caso de non ter disponible un título concreto, pódese reservar, apuntándose en lista de espera. Os títulos con lista de espera serán emprestados por rigurosa orde de petición.
- O préstamo inicial dos libros é de 15 días, que poden ser ampliados a outros tantos, en caso de que o libro non estea solicitado por outros usuarios.
- Pódense levar libros durante as vacacións. Se as vacacións son superiores a 15 días, devolverase o material prestado o primeiro día lectivo.
- AUDIOVISUAIS: estes fondos teñen un prazo de préstamo de 3 días.
- MEMORIAS USB: préstanse durante 1 día, para levar a información necesaria dos ordenadores da biblioteca. NOTA: Estas memorias deben ser limpadas antes de devolvelas!

ATENCIÓN: os libros con punto vermello (de consulta) non se prestan, agás co permiso especial dun profesor.

Devolución:


- O material levado en préstamo será devolto na propia biblioteca en horario normal de apertura, sempre dentro do prazo.
- En caso de retraso na devolución, o usuario será avisado polos encargados da biblioteca directamente ou por correo, tendo un prazo máximo de 2 días para devolver o material reclamado.

- Aquel alumnado que non devolva o material prestado dentro dos prazos establecidos perderá durante 1 mes todo dereito a préstamo dos nosos fondos.

En caso de roubo, perda ou deterioro grave do material emprestado, o usuario deberá restituílo por un exemplar novo das mesmas características.

**O persoal da biblioteca está á vosa disposición:
informarémvos e axudaremosvos.**

Agardamos as túas suxerencias!!



Para máis información, visita as nosas páxinas:

- <http://centros.edu.xunta.es/ieslamasdecastelo/> (sección "Biblioteca")
- [http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)
[CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)

Encántanos a túa visita!!



Biblioteca



I.E.S. Lamas de Castelo



Horario:



A biblioteca está aberta para o préstamo durante os recreos (de 11:15 a 11:45 h e de luns a venres) durante o curso escolar.

No período vacacional de verán, permanecerá aberta durante o mes de xullo, seguindo o horario de secretaría, a cargo dos membros do equipo directivo.

A nosa biblioteca.

A biblioteca é un espazo de lectura, consulta, traballo e investigación, pero ante todo, é un espazo de CONVIVENCIA.

NON É unha sala de castigo, pero tampouco é ningunha sala de xogos.

Normas básicas de convivencia.

Para contribuír a que o entorno na nosa biblioteca sexa máis agradable, necesitamos:

– **RESPECTO:** pon o máximo interese e coidado no trato do material, das instalacións en xeral e tamén das persoas que estean a usar a biblioteca.

– **SILENCIO:** procuremos levar a cabo as nosas consultas e traballo en xeral con discreción; así evitaremos molestar e ser molestados.

– **ORDE:** respectemos e coloquemos de volta no seu lugar todo o material, despois de ser consultado.

– **LIMPEZA:** non está permitida a entrada na biblioteca con ningún tipo de comida ou bebida.

Fondos

A nosa biblioteca conta cun fondo de cerca de 6000 volumes, en constante crecemento e renovación. Para que siga sendo un fondo actual e atractivo, **aceptamos as vosas suxerencias.**

Existe un fondo audiovisual (en formatos CD audio, CD-ROM, VHS e DVD, e xogos diversos) aberto ó préstamo, que esperamos ir aumentando.

Tamén hai 4 ordenadores con conexión a Internet para a consulta e busca de información, e memorías USB para almacenar datos e levar prestadas á casa. NOTA: os ordenadores poderán ser usados unicamente para consulta de información na rede ou en CD-ROM e/ ou para realizar traballos de calquera das áreas de estudo.

Organización da nosa biblioteca.

En xeral, todos os libros están ordenados segundo a CDU (Clasificación Decimal Universal) en todas as bibliotecas.

Este sistema, que tamén é o noso, divide todas as áreas de coñecemento en dez grupos ou seccións cuns códigos propios de cores. Estes grupos poden estar subdivididos á súa vez noutros, coa fin de clasificar mellor os títulos. Velaquí o listado dos nosos grupos:

0 OBRAS XERAIS. ENCICLOPEDIAS

01 Bibliografías e catálogos 03 Enciclopedias
02 Dicionarios 04 Anuarios. Publicacións periódicas.

1: FILOSOFÍA. ÉTICA

2: RELIXIÓN

22 Biblia 26 Relixión católica

3: CIENCIAS SOCIAIS

32 Política 39 Etnografía
37 Educación

5: MATEMÁTICAS. CIENCIAS

51 Matemáticas 52 Bioloxía e Xeoloxía
53 Física e Química

6: CIENCIAS APLICADAS

62 Tecnoloxía 64 Hostalería

7: BELAS ARTES. MÚSICA. XOGOS.

DEPORTES.

70 Historia da Arte 75 Pintura
72 Arquitectura 77 Cine. Fotografía
73 Escultura 78 Música
74 Debuxo 79 Xogos. Deportes

8: LINGÜÍSTICA. LITERATURA.

Atención: todas as seccións seguintes están subdivididas segundo a lingua: C (castelán); F (francés); G (galego) e I (inglés).


81 Lingüística 83 Cómics
82 Literatura

9: XEOGRAFÍA E HISTORIA. BIOGRAFÍAS.

91 Xeografía 93 Historia
92 Biografías

Como atopar un título?

O primeiro: mirar os carteis de título de sección nos andeis. Unha vez que tedes localizado o andel da sección que buscades, veredes que todos os títulos están ordeados por estricta orde alfabética, primeiro por AUTOR (apelido) e logo por título (sen artigos). Vexamos un exemplo:



75 → Código da CDU.

ESC → Apelido do autor.

esc → Título do libro (sen artigos)

... Serías capaz de atopar este libro??

